

# **ORDENANZA FISCAL N°4**

## **REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

### **Artigo 1. Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 de da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o Concello de Val do Dubra establece a Taxa pola prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais, a que se refire o artigo 20.4 h) do Texto refundido aprobado polo RDLex. 2/2004, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao previsto no artigo 58 do citado Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

### **Artigo 2. Feito imponible.**

1. Constitue o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas á taxa as leiras derruidas, declaradas ruinosas ou que teña a condición de solar o terreo.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do municipio beneficiariase dos ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo, substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

### **Artigo 4.- Responsables**

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria,

así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no art. 35 da Lei xeral tributaria, que responderán en proporción ás súas respectivas participacións das obrigas tributarias da entidade.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5.- Exencións, Reducións e Bonificacións.**

Non se ten en conta ningún tipo de exención, redución ou bonificación.

#### **Artigo 6.- Cota tributaria**

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiro esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade fixa de 37,08 euros.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

Para este efecto, aplicase a tarifa seguinte:

##### A) Vivendas

Por sumidoiro, cada m3 ..... 0,0477 ¢

Por depuración, cada m3 ..... 0,2265 ¢

##### B) Fincas e locais que non están exclusivamente dedicados a vivenda:

Por sumidoiro, cada m3 ..... 0,0954 ¢

Por depuración, cada m3 ..... 0,4410 ¢

3. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable pola súa subministración. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

##### 4. Tarifas de análises e inspección e informes.

As cantidades a esixir con ocasión da práctica das análises esixidas polo Regulamento municipal de verquidos serán as seguintes:

Parámetros	Tarifas
PH	4,71
Conductividade	4,71
Sólidos en suspensión totais	14,28
D.B.O.5	29,84
D.Q.O.	23,99
Fósforo total	13,21
Nitróxeno amonacal	11,15
Sulfuro	16,49
Aceites e graxas	56,61
Recollida e envío mostra laboratorio	82,57
Subtotal	257,56

IVE 16%	41,21
Total	298,77

As cantidades a esixir con ocasión das actuacións de comprobación e inspección ás que se refire o Regulamento municipal de verquidos serán as seguintes:

Por inspección e informe	160,06
IVE 16%	25,61
Total	185,67

### **Artigo 7.- Devengo e período impositivo**

O devengo da presente taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo no suposto de inicio ou cesamento do uso do servizo, no que o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota por trimestres naturais.

Entenderase o inicio da actividade municipal que constitúe o feito imponible:

A) Na data de presentación da correspondente solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

B) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de obterse ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

### **Artigo 8.- Declaración e ingreso**

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data na que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións terán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das ditas declaracións de alta e baixa.

Unha vez concedida a licenza de acometida á rede, a inclusión inicial no censo farase de oficio.

2. As cotas que esixe esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

3. No suposto de licenza de acometida, o contribuínte formulará a correspondente solicitude, e unha vez concedida, os servizos tributarios deste Concello, practicarán a liquidación que proceda, que se notificará para ingreso directo na forma e prazos que fixa o Regulamento de recadación..

### **Artigo 9.- Infraccións e sancións.**

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

### **Disposición final**

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 20 de decembro de 2007, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2008, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.